



INSTRUCCIÓN DA DOMICILIACIÓN BANCARIA ALTA, MODIFICACIÓN OU BAIXA

DOMICILIACIÓN BANCARIA:

Esta solicitude utilizarase para comunicar altas, modificacións ou baixas de domiciliacións bancarias para o pago dos tributos:

- De carácter periódico, polo menos 2 meses antes do comezo do período voluntario de cobramento
- No caso do sistema especial de pagamento do IBI antes do 1 de abril do exercicio correspondente

Se se presentan fóra dos prazos sinalados anteriormente terá efectos para próximas cobranzas (consultar calendario fiscal).

O impreso deberase cubrir na súa totalidade a man ou electronicamente, a través da páxina web da Deputación de Pontevedra (www.depo.es), sempre con data e coa sinatura do interesado. Presentarase en calquera das oficinas do ORAL, nos concellos, nos rexistros da Administración xeral do Estado e das comunidades autónomas ou mediante as demais formas previstas no art. 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Farase constar, como medio de comunicación para aclarar calquera tipo de incidencia que poida presentar a orde de domiciliación bancaria, un número de teléfono e/ou correo electrónico.

Lexislación aplicable: artigos 25.2 e 38 do R. d. 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación.